

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 9 DE FEBREIRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea a Gonzalo J. Ordóñez Puime como director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se dispón que cese Andrés Hermida Trastoy como director xeral de Promoción do Emprego.
- Decreto polo que se nomea a Amparo González Méndez como directora xeral de Promoción do Emprego.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a modificación das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) ao programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia (Programa Innoempresa), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.
- Acordo polo que se autoriza a modificación das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.
- Acordo polo que se autoriza a modificación das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) á reorientación e competitividade das pemes galegas, en parte cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se designa á Consellería do Medio Rural e do Mar como a encargada do impulso do Plan Director da Acuicultura Litoral de Galicia e se autoriza a que as Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Medio Rural e do Mar ditén unha Orde conxunta que estableza o réxime aplicable, en virtude da normativa vixente ás instalacións de acuicultura en terra.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a tramitación do anteproxecto de Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre as actuacións programadas para a celebración do Ano Celso Emilio Ferreiro.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a incidencia da gripe en Galicia.
- Informe sobre o proxecto Nise. Actividades realizadas e proposta de actividade para 2012.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) no ano 2012.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe relativo á orde conxunta das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Medio Rural e do Mar sobre o réxime da avaliación ambiental dos establecementos de Acuicultura litoral.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A GONZALO ORDÓÑEZ PUIME COMO NOVO DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- ***Gonzalo Ordóñez substitúe no cargo a Roberto Castro***

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a Gonzalo Ordóñez Puime, como novo director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias en substitución de Roberto Castro. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, Gonzalo Ordoñez é avogado con despacho aberto en Porriño desde o ano 1981.

Desempeñou as funcións de Fiscal no Distrito de Tui. Experto en Dereito Mineiro. Foi membro da Corporación Municipal do Porriño.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ COMO NOVA DIRECTORA XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO

- ***Amparo González substitúe no cargo a Andrés Hermida Trastoy***

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a Amparo González Méndez, como nova directora xeral de Promoción de Emprego en substitución de Andrés Hermida Trastoy. Licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela ocupaba ata o momento o cargo de directora xerente da FUNGA (Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas)

Previamente, durante os anos 2003 ao 2005, desempeñou os cargos de directora de Formación e Emprego da Confederación Empresarial de Ourense (CEO) cargo que compatibilizou co de secretaria xeral da Federación Galega de Asociacións de Instaladores Eléctricos e Telecomunicacións (FEGASINEL); de 2005 a 2009 foi deputada da VII lexislatura do Parlamento de Galicia e no ano 2009 foi nomeada directora xerente da FUNGA.

A XUNTA DEDICA 10,3 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DA COMPETITIVIDADE E A INNOVACIÓN NAS PEMES CUN PAQUETE DE MEDIDAS QUE PRIORIZA A CREACIÓN DE EMPREGO

- *O investimento mobilizado superará os 30 millóns de euros en 2012*
- *Nos exercicios 2010 e 2011 xerouse un investimento de máis de 90 millóns de euros a través das axudas á competitividade e a innovación das pemes*
- *A partir de agora valorarase especialmente a creación de emprego, sobre todo cando favoreza a colectivos de difícil inserción laboral*
- *Incrementátese tamén a valoración das iniciativas que se desenvolvan nas zonas de influencia do Plan Impulsa Lugo, o Impulsa Ourense, o Plan Ferrol e o Revive Costa da Morte*

O Goberno galego continúa a dar prioridade á creación de emprego co apoio ao desenvolvemento de proxectos que favorezan o a competitividade, a innovación e o equilibrio territorial cun novo paquete de medidas para o ano 2012 de 10,3 millóns de euros, que mobilizarán investimentos por máis de 30 millóns. Con estas ferramentas, que se poñen en marcha a través do Igape, impúlsase o fomento da competitividade empresarial, a innovación na pequena e mediana empresa galega e a posta en marcha de proxectos colectivos.

O Consello da Xunta aprobou hoxe as modificacións das bases destas axudas centradas sobre todo no incremento da valoración da creación de postos de traballo. O obxectivo da Xunta co reforzo destas liñas é continuar a impulsar a súa estratexia de apoio á pequena e mediana empresa no eido da innovación e a mellora competitiva, facendo un especial esforzo por favorecer a xeración de emprego na Comunidade.

Os resultados ratifican o interese do empresario galego nestas liñas. A través das convocatorias de axuda á competitividade e a innovación das pemes nos exercicios 2010 e 2011 aprobáronse preto de 2.000 proxectos, xerando un investimento das pemes superior aos 90 millóns de euros.

Mellora competitiva

As liñas de apoio á competitividade están destinadas á implantación de proxectos de investimento tecnolóxico e á mellora dos equipamentos das pemes do sector servizos. Neste caso, cómpre sinalar que se valorará especialmente a xeración de postos de traballo cando favorezan a colectivos de difícil inserción, duplicando a puntuación máxima deste punto, que pasa dos 10 aos 20 puntos. Ademais para o programa específico de investimento tecnolóxico incluírase a obriga da creación de emprego.

No eido da competitividade primaranse tamén os proxectos localizados nas zonas de influencia do Plan Impulsa Lugo, o Impulsa Ourense, o Plan Ferrol Eume e Ortegaleira e o Revive Costa da Morte, elevando a intensidade de valoración por localización, de 15 a 20 puntos.

Innoempresa

Por outra banda, as axudas de Innoempresa veñen cubrir as necesidades de apoio a pequenas e medianas empresas no eido da innovación, tanto no que se refire a novos produtos e procesos dentro dunha empresa, como na incorporación de cambios e melloras.

Tamén no programa Innoempresa incrementábase o baremo de avaliación para primar os proxectos que se comprometan á creación de emprego, especialmente nos colectivos de máis difícil acceso ao mercado laboral, que aumentan en 5 puntos, e continúaase a valorar os proxectos localizados nas provincias de Lugo e Ourense e nos concellos de Ferrolterra e Costa da Morte.

Ademais, para calcular a porcentaxe de subvención valorábase especialmente un maior grao de innovación, que aumenta en 8 puntos até os 18, eficacia e impacto. Haberá modificacións salientables encamiñadas a actualizar as axudas á innovación en áreas coma a liña para a adopción de novos modelos empresariais innovadores, ou a ampliación da axuda para certificación da nova norma estatal sobre sistemas de xestión da vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva.

Axudas a Proxectos Colectivos

No que se refire á axuda a proxectos colectivos empresariais, o Igape apoiará proxectos de Iniciativas abertas de difusión que consistan na organización de: xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios nos eidos da innovación e a competitividade; encontros empresariais entre emprendedores e investidores privados (business angels), e de congresos ou eventos expositivos de alcance internacional. Neste programa, tamén se terá en conta a localización dos eventos en zonas nas que existen estratexias específicas encamiñadas a avanzar no equilibrio territorial da Comunidade, que aumentan en 10 puntos.

A XUNTA APOSTA POLO SECTOR DA ACUICULTURA E PERMITE O INICIO INMEDIATO DA TRAMITACIÓN DE PLANTAS ACUÍCOLAS NAS ZONAS DE MENOR PROTECCIÓN AMBIENTAL

- *O Plan Director de Acuicultura Litoral (PDAL) non se centra en localizacións concretas e define as directrices para a instalación de establecementos de cultivos mariños na zona terrestre*
- *Un visor cartográfico permite identificar cada un dos 4 niveis nos que se divide o borde costeiro galego, con diferentes condicionantes e metodoloxías en función do seu nivel de protección para a posible localización dunha planta de acuicultura*
- *O plan, que pasa a ter carácter de incidencia supramunicipal, irá acompañado dunha guía de criterios de sustentabilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral, que establece un marco orientativo dos criterios de integración paisaxística e ambiental*

A Xunta reactiva a acuicultura en Galicia e permite, dende hoxe, a tramitación de plantas acuícolas nas zonas de menor protección ambiental. O Goberno galego acordou dar novo impulso, a través da Consellería do Medio Rural e Mar, ao Plan Director de Acuicultura Litoral (PDAL), para xestionar dinamicamente e dun xeito sustentable a acuicultura en terra no litoral galego. Non ocorre o mesmo para as zonas de maior protección, onde será necesario esperar a aprobación definitiva do PDAL.

O PDAL non se centra en localizacións concretas, como os anteriores plans, senón que recolle 4 niveis no borde costeiro galego, que van de menor a maior protección. A Xunta establece unha tramitación diferenciada, escalonada en función da capacidade de acollida do territorio, priorizando e facilitando as tramitacións nas zonas menos protexidas. Esta clasificación plásmase nun visor cartográfico que permite identificar, visualmente con diferentes cores, cada un dos niveis.

Así, as áreas onde a partir de agora xa se posibilita a tramitación de establecementos acuícolas son as clasificadas como de nivel 1 e 2, e comprenden as zonas de escasa ou nula protección, incluíndo os espazos portuarios e industriais.

O PDAL -que pasa a ter natureza de Plan Sectorial de Incidencia Supramunicipal- coincide, por coherencia territorial, co ámbito do Plan de Ordenación do Litoral. Trátase dun documento dinámico, que pode adaptarse ás transformacións tecnolóxicas e que cumpre co obxectivo da inclusión das condicións que permitan a implantación de plantas de acuicultura enerxeticamente sustentables mediante o desenvolvemento das enerxías renovables. É xuridicamente estable e non require de grandes modificacións legislativas para incorporar os cambios que o avance tecnolóxico faga necesarios.

Estudos de impacto e integración paisaxística

O Consello da Xunta deu luz verde tamén a unha orde conxunta das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Medio Rural e do Mar na que se establece o réxime aplicable ás instalacións de acuicultura no relativo á avaliación do impacto ambiental e os estudos de impacto e integración paisaxística e que achega seguridade xurídica e administrativa ao desenvolvemento da actividade acuícola.

Este documento plasma, entre outros aspectos, a obrigatoriedade de someter a avaliación de impacto ambiental (EIA) as instalacións de acuicultura intensiva con capacidade de produción superior a 500 toneladas anuais. Deberá, polo tanto, incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística, integrándose o informe do órgano competente en materia de paisaxe na correspondente declaración de impacto ambiental.

Tamén se lles esixirá esta EIA a aquelas instalacións que poidan afectar directa ou indirectamente a algún espazo pertencente á Rede Natura 2000, aínda que non acaden este volume de produción, cando así o decida o órgano ambiental. Nos demais casos, é dicir, a aquelas instalacións que non acaden as 500 Tm de produción anual, requiriráselles o informe do órgano competente en materia de paisaxe.

Ademais o Consello da Xunta aprobou a *Guía de criterios de sustentabilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral*, como unha ferramenta útil para establecer as liñas aplicables para a integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral. O visor cartográfico e a Guía están dispoñibles na páxina web da Estratexia Galega de Acuicultura nos puntos correspondentes ao PDAL <https://www.intecmar.org/esga>.

A PRIMEIRA LEI DE IMPULSO E ORDENACIÓN DAS TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA FACILITARÁ E AXILIZARÁ O DESPREGAMENTO DESTAS INFRAESTRUTURAS EN TODO O TERRITORIO

- ***Fixa un marco de coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados implicados evitando que se dupliquen esforzos e investimentos***
- ***Establece os criterios que seguirán os concellos e a Xunta de Galicia neste ámbito convertendo os servizos de telecomunicacións nun elemento máis da planificación urbanística***
- ***Obriga aos operadores a compartir as súas infraestruturas para o despregamento de redes de telecomunicación***
- ***Exixe a inclusión dos elementos necesarios para o desenvolvemento do Fogar Dixital en vivendas de nova construción, facilitando o acceso a novos servizos sociosanitarios na casa***
- ***Regula a previsión nos edificios públicos autonómicos do equipamento necesario para os servizos de telecomunicacións evitando os custos de solucións posteriores***
- ***Os proxectos de obra pública como estradas ou redes de abastecemento considerarán as canalizacións necesarias para instalar este tipo de redes***

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica informou hoxe o Consello da Xunta do Anteproxecto de Lei de impulso e ordenación das infraestruturas e telecomunicacións de Galicia. A norma, a primeira coa que contará Galicia neste ámbito, ten como obxectivo axilizar e facilitar o despregamento ordenado de infraestruturas de telecomunicacións en todo o territorio dun xeito homoxéneo, harmónico e respectuoso co ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural.

A lei resolve a ausencia, ata agora, dun un marco de coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados implicados nos despregamentos de infraestruturas de telecomunicacións evitando que se dupliquen esforzos e investimentos. Esta necesidade faise máis evidente nun momento no que se están a executar as actuacións dos operadores no marco do Plan de Banda Larga e incrementar rapidamente a demanda de redes móbiles e de nova xeración.

Con esta lei Galicia complementa, no ámbito das súas competencias, a estratexia estatal en materia de telecomunicacións para fomentar o investimento dos operadores e despregamento de infraestruturas.

Coordinar axentes públicos e privados

Unha das principais medidas recollidas nesta lei é o desenvolvemento dun "Plan Sectorial das Infraestruturas de Telecomunicación de Galicia", que permitirá establecer os criterios que seguirán os concellos e a Xunta de Galicia na planificación do territorio,

convertendo os servizos de telecomunicacións nun elemento máis de planificación urbanística de modo similar á luz e á auga.

Ademais, a norma obrigará os operadores a compartir as súas infraestruturas para o despregamento de redes de telecomunicación, o que contribuirá a unha implantación ordenada e eficiente das infraestruturas e ao fomento da competencia.

A lei obrigará tamén os operadores de telecomunicación e os concellos a remitir periodicamente información sobre os seus plans de despregamento executados e previstos. Con esta información desenvolverase o mapa de infraestruturas de telecomunicación de Galicia, que evitará superposición de iniciativas e permitirá establecer plans de despregamento coordinados e que terán como base as necesidades reais existentes en Galicia.

Obras, edificios públicos e vivendas

Por outra banda, a norma regula a previsión de infraestruturas de telecomunicación nos novos edificios públicos autonómicos así como a interconexión destes ás redes públicas electrónicas existentes. Isto garantirá o acceso aos servizos de telecomunicación de todos os centros públicos e reducirá o custo que suporía implantar solucións con posterioridade.

Ademais, promoverase a inclusión de infraestruturas de telecomunicación en proxectos de obra pública (estradas, redes de abastecemento de auga, etc.) de xeito que, en paralelo á realización destas obras, se dispoñan canalizacións e espazos que poidan ser empregados por operadores, públicos e privados

No que respecta á implantación dos novos servizos das TIC nos fogares, obrigárase a incluír as infraestruturas de soporte necesarias para o desenvolvemento do Fogar Dixital en vivendas de nova construción. Esta medida facilitará a introdución nos fogares galegos de novos servizos sociosanitarios, unha mellor eficiencia enerxética, unha maior seguridade, servizos de teleasistencia, etc. o que levará consigo unha mellora na calidade de vida do cidadán e un achegamento aos servizos públicos. Do mesmo xeito que suporá un importante impulso ao sector tecnolóxico de Galicia.

Medio Ambiente e Rede de Emerxencias

A importancia de asegurar o máximo respecto nos ámbitos protexidos verase reflectida co establecemento de normas de protección ambiental e cultural que permitan levar a cabo despregamentos en zonas protexidas (patrimonio,...) garantindo o máximo respecto ao contorno.

Establécese a obriga de que a futura Rede Dixital de Seguridade e Emerxencias da Xunta de Galicia sexa de uso obrigatorio por todos os organismos autonómicos que o precisen. Esta rede permitirá optimizar os custos fronte á situación actual.

Por último, a lei considera a creación dun Consello Asesor para as Telecomunicacións e o Desenvolvemento Dixital de Galicia, coa conseguinte desaparición do actual Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, que se configurará como un órgano de estudo, asesoramento e apoio ao Goberno da Xunta de Galicia na definición e execución das políticas de telecomunicacións.

Prazos

Unha vez informado o Consello da Xunta remitirase ao Consello Económico e Social e antes do verán enviarase ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación.

A XUNTA DE GALICIA PROMOVE EN 2012 UN AMPLO PROGRAMA INSTITUCIONAL PARA CONMEMORAR O ANO CELSO EMILIO FERREIRO

- ***A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presentou hoxe no Consello da Xunta as actividades que difundirán a obra e vida do poeta ourensán no centenario do seu nacemento***
- ***O conxunto da actividade para dar a coñecer o legado do poeta conta coa implicación de diversas institucións públicas e culturais, como a Fundación Celso Emilio Ferreiro, a Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria homenaxeará ao longo de 2012 o poeta celanovés Celso Emilio Ferreiro a través dun programa de actividades que foron presentadas esta mañá no Consello da Xunta. O informe analizado hoxe na reunión semanal do Goberno galego recolle diversas liñas de acción, nas que se enmarcan as múltiples actividades previstas para a celebración do Ano Celso Emilio Ferreiro, no que se conmemoran os cen anos do nacemento do poeta, ademais do cincuentenario da aparición do seu poemario *Longa noite de pedra*.

Actuacións artísticas multidisciplinares, edicións conmemorativas, actividades formativas para escolares e accións para a difusión no exterior da obra do poeta ourensán son algunhas das actuacións que conforman un completo programa de actividades que se desenvolverán en diferentes puntos de Galicia.

Implicación de institucións públicas e culturais

A programación do Ano Celso Emilio Ferreiro responde ao acordo adoptado en outubro de 2011 no Parlamento de Galicia, no cal se instaba a Xunta a celebrar este ano 2012 o centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro cun programa de actividades arredor da súa figura.

De acordo co texto parlamentario, as numerosas actuacións foron definidas en colaboración con diferentes departamentos e organismos do Goberno, así como con diversas entidades públicas e privadas de Galicia, entre elas o Concello e a Asociación de Comerciantes de Celanova, a Fundación Curros Enríquez, a Real Academia galega, o Consello da Cultura Galega, as bibliotecas públicas de Galicia, e particularmente, a Fundación Celso Emilio Ferreiro, que preside o fillo do escritor.

En 2012, a cidadanía de Galicia poderá achegarse á obra e á vida de Celso Emilio Ferreiro a través das novas tecnoloxías, mediante unha exposición multimedia que percorrerá bibliotecas e centros educativos, a través de novas biografías que estarán ao dispor dos usuarios das bibliotecas públicas, a través de actividades e materiais didácticos para os espazos escolares, a través dos mellores versos nos escaparates da

súa vila natal ou simplemente a través da descuberta da figura que se destaca nas placas dunha chea de rúas que en Galicia honran o autor.

Con esta diversidade de formatos, ademais de contribuír á dinamización da lingua e da cultura galegas, procúrase facilitarlle un maior coñecemento do escritor ao conxunto da sociedade, garantindo tamén a chegada a sectores que non acoden habitualmente aos circuítos culturais.

Presentación do programa

O amplo abano de iniciativas e formatos que conforman o programa do Ano Celso Emilio Ferreiro será presentado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos próximos días nun acto na que tamén participarán as principais institucións e entidades que contribúen coa Xunta a celebrar o centenario do poeta ourensán. O Goberno galego asume, así, o compromiso de conmemorar esta figura fundamental da cultura e da lingua galegas e de facer partícipe desta celebración a sociedade de Galicia no seu conxunto.

TODOS OS SERVIZOS DE ATENCIÓN PRIMARIA E ATENCIÓN HOSPITALARIA ESTÁN PERFECTAMENTE PREPARADOS PARA ASUMIR TODA A DEMANDA QUE SE POIDA PRESENTAR CON MOTIVO DA INCIDENCIA DA GRIPE

O Consello da Xunta de Galicia reunido no día de hoxe vén de abordar un informe da Consellería de Sanidade referido á incidencia da gripe, no que se reflicte a situación actual desta patoloxía, que amosa unha intensidade global de actividade gripal media, cunha difusión xeográfica espallada por todo o territorio. Este ano, pois, a gripe vén atrasada con respecto a ondas epidémicas habituais.

Tal e como sinalan os técnicos da Administración sanitaria, en Galicia estase, segundo os datos rexistrados polo Sergas, nuns niveis de intensidade algo inferiores aos de ondas pasadas, cunhas taxas duns 260 casos por cen mil habitantes.

Dado que este ano a onda está a ter unha evolución pouco habitual, resulta máis difícil facer previsións, pero os técnicos de saúde pública estiman que a finais desta semana ou na seguinte poderase acadar o pico da onda, que non se prevé sexa moi elevado. Destaca o ascenso que se segue a observar nos casos entre os maiores de 64 anos e o do grupo de persoas de 20 a 44 anos.

O virus deste ano é fundamentalmente AH3N2, que *a priori* afecta máis as persoas maiores. Apenas modificou respecto á cepa contida nas vacinas dos últimos anos, polo que hai moita xente protexida contra el.

O coñecemento da situación epidemiolóxica da gripe (actualizada coa información achegada semanalmente polos diferentes sistemas de vixilancia), facilita, por un lado, o poder alertar ao sistema sanitario da proximidade do pico da onda epidémica que, deste xeito, pode prepararse para o aumento da demanda asistencial que vai ter; e, por outro lado, permite coñecer o momento de inicio da onda e recordar así á cidadanía tanto a importancia da vacina como medida fundamental de profilaxe, como a utilidade das medidas hixiénicas de prevención.

A vixilancia da gripe faise a través dos rexistros das chamadas diarias por gripe e infeccións respiratorias agudas ao O61; polos rexistros na historia clínica electrónica das gripes atendidas nas consultas de atención primaria; pola información microbiolóxica facilitada polos hospitais galegos e obtida das mostras dos enfermos nos que se sospeita gripe, e, ademais, pola declaración hospitalaria dos casos ingresados por gripe confirmada. Todos estes datos son os que confirman que estamos nunha onda de intensidade media e con tendencia ascendente, con expectativas de acadar o pico a finais desta ou na seguinte semana.

Consellos

Aínda que agora xa está rematada a campaña de vacinación, Sanidade lembra a recomendación de vacinarse cada ano, fundamentalmente as persoas de 60 ou máis anos e os que teñan algún dos factores de risco asociados a maior gravidade, como son, entre outros, enfermos crónicos respiratorios, cardíacos, con inmunosupresión, diabetes, enfermidade hepática crónica avanzada, enfermidades neuromusculares graves, ou obesidade mórbida e embarazo.

Outros consellos importantes para evitar a propagación da enfermidade son: lavar as mans con frecuencia e ensinar os rapaces a facelo, con auga e xabón, como mínimo 20 segundos; limpar con frecuencia as superficies onde pode depositarse o virus (mobles, tiradores de portas, etc.); tapar a boca e o nariz ao tusir ou esbirrar; se estamos con gripe, descansar, beber abundantes líquidos e evitar o consumo de alcohol e tabaco. Tomarase medicación que alivie os síntomas como a febre e a dor muscular (evitar a aspirina nos menores de 18 anos) e lembrar que os antibióticos non curan a gripe nin melloran os síntomas. Só deben tomarse baixo consello médico.

Así mesmo, hai que ter en conta que, aínda que a maior parte das gripes son leves, cómpre estar atento por se se presenta algún síntoma suxestivo de gravidade. No caso de que un enfermo precise saír da casa, se usase unha mascariña podería evitar contaxiar os demais. Así mesmo, mentres unha persoa estea enferma, deberá evitar o contacto estreito con outros individuos, especialmente se presentan algún factor de risco.

Xunto con todo o anteriormente sinalado, aquelas persoas que tivesen algún dos factores de risco antes comentados, a maiores das recomendacións antes citadas, deben evitar os lugares onde haxa moita xente, xa que é máis fácil contaxiarse. Con todo, un metro de distancia con respecto a unha persoa que tose ou esbirra considérase que é unha distancia segura. Tamén evitarán o contacto con persoas enfermas de gripe.

No caso de ter que acudir a hemodiálise, quimioterapia, radioterapia ou algún outro servizo hospitalario solicitarán instrucións na unidade correspondente no caso de presentar síntomas de gripe.

Igualmente, deberán ter á man un informe da enfermidade crónica que padecen e do tratamento que reciben coa súa posoloxía; e se toman algún medicamento por mor da súa condición de risco, seguirano tomando aínda que teñan gripe, a non ser que o seu médico lle indique o contrario. En definitiva, Sanidade lembra a importancia de utilizar os servizos sanitarios de forma racional, acudindo ao seu médico e non aos servizos de urxencia hospitalaria sen necesidade.

Na actualidade, todos os servizos de atención primaria e atención hospitalaria están perfectamente preparados para asumir toda a demanda que se poida presentar, dispoñendo en todos os casos de plans de contixencia específicos. Así mesmo, lembrar que está á disposición da cidadanía o teléfono 902 400 116, no que calquera cidadán pode atopar a información que poida precisar.

MÁIS DE 17.000 PERSOAS PARTICIPARON XA NAS ACTIVIDADES DO PROXECTO NISE CONTRA O ESTIGMA ÁSOCIADO Á ENFERMIDADE MENTAL

- ***Dende outubro de 2010, o Servizo Galego de Saúde realizou 112 actividades no marco desta iniciativa***
- ***O seu obxectivo é sensibilizar a poboación respecto desta doenza e ofrecer información, formación e educación sanitaria a familiares e persoas con trastornos mentais***

Dende outubro de 2010, o Servizo Galego de Saúde realizou 112 actividades no marco do Proxecto Nise contra o estigma da enfermidade mental -impulsado pola Dirección de Asistencia Sanitaria-, nas que participaron máis de 17.000 persoas.

O obxectivo desta iniciativa é sensibilizar á poboación respecto da saúde mental; así como ofrecer información, formación e educación sanitaria a familiares e persoas con trastornos mentais e mellorar o tratamento informativo destas doenzas nos medios de comunicación.

Dende o comezo do proxecto, celebráronse 21 obradoiros psicoeducativos para pacientes e familiares (seis sobre depresión, sete sobre trastorno bipolar e oito sobre esquizofrenia) nas cidades de Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Conferencias, foros *on-line* e ciclos de cine

Dentro das actividades para a cidadanía en xeral, realizáronse cinco conferencias sobre enfermidades mentais; dous foros *on-line* en tempo real; un ciclo de psiquiatría e cine con 80 proxeccións de películas nas sete principais cidades de Galicia; unhas xornadas de concienciación sobre a enfermidade mental; e unhas xornadas de portas abertas no Día Mundial de Saúde Mental.

Así mesmo, nos dous últimos meses o proxecto formou parte das exposicións de pintura do *I Festival Internacional Arte e Discapacidade*, celebrado na Cidade da Cultura, e na do Congreso Nacional de Psiquiatría, que tivo lugar en Oviedo, para as que se seleccionaron obras de persoas con enfermidade mental dos hospitais galegos de Castro, Toén e Conxo.

Ao longo de todo este tempo, contouse coa participación constante de profesionais de saúde mental do Servizo Galego de Saúde, FEAFES Galicia, e a Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

Tamén colaboraron asociacións de profesionais de psiquiatría e saúde mental (Asociación Galega de Psiquiatría, Asociación Galega de Saúde Mental, Sociedade Española de Psiquiatría e Sociedade Española de Psiquiatría Biolóxica), organismos e

entidades sanitarias (Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, CIBERSAM) e outras entidades sociais, culturais e artísticas (NovaCaixaGalicia, Compañía de RadioTelevisión de Galicia, MoretArt, museo de imaxes do inconsciente de Río de Janeiro).

Froito destas colaboracións, asinouse este ano un acordo marco de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, FEAFES Galicia, CRTVG e NovaCaixaGalicia para o desenvolvemento de actividades que posibiliten a redución do estigma asociado á enfermidade mental.

TRABALLO PON EN MARCHA UN PLAN INTEGRAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS CO APOIO UNÁNIME DE PATRONAL E SINDICATOS

- ***O Plan de Actuación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para 2012 abrangue a totalidade das disciplinas preventivas e destínase a todo o tecido empresarial galego***
- ***Conta con seis eixos e inclúe iniciativas novidosas como o programa forestal, a análise da sinistralidade laboral en profesións feminizadas ou a posta en marcha do mapa das enfermidades profesionais, entre outras***

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) puxo en marcha por segundo ano consecutivo a Estratexia en Prevención de Riscos Laborais 2011-2014, froito dun acordo no seo do diálogo social, e que inclúe o desenvolvemento do Plan de Actividades do Instituto para 2012, aprobado por unanimidade por sindicatos, empresarios e Goberno autonómico.

Este plan integral, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, definiuse cun dobre obxectivo: abarcar a totalidade das disciplinas preventivas, tales como seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía e medicina no traballo; e, doutra, ter como destinatarios a todo o tecido empresarial galego, de xeito moi especial ás pemes e a promoción de autónomos.

Conta con 72 actuacións articuladas en seis eixos: xestión de procesos para o desenvolvemento de actuacións de carácter interno; observatorio galego de condicións de traballo, que obtén, procesa e difunde información así como publica os datos estatísticos e o coñecemento xerado; xestión da sinistralidade; accións de colaboración e asesoramento técnico; programas de redución, e formación, difusión e sensibilización.

Se ben o plan reflicte un carácter continuista co do 2011 porque as distintas fases dos programas xa postos en marcha esixen períodos superiores a un ano para á súa execución, entre as novas actividades deste ano cómpre salientar o desenvolvemento dun programa forestal, a análise da sinistralidade laboral en profesións feminizadas; a posta en marcha do mapa das enfermidades profesionais; a participación na Plataforma Técnica de Saúde Laboral para a declaración de sospeitas de enfermidades profesionais; o desenvolvemento de estudos epidemiolóxicos de redeiras; o estudo das causas dos accidentes graves e mortais en Galicia; ou a formación para a Administración local.

A creación do programa específico para o sector forestal xustifícase pola súa importancia económica e social, e tamén polas súas taxas de sinistralidade. Neste sentido prestarase asesoramento ás empresas de maior sinistralidade; desenvolveranse campañas informativas específicas e elaboraranse contidos específicos en actividades

formativas para docentes, no marco do acordo de colaboración subscrito coa Consellería de Medio Rural e os sindicatos agrarios.

Para facer fronte á segmentación pola variable de xénero no mercado de traballo, o ISSGA levará a cabo iniciativas como a extracción e tratamento dos datos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais en profesións feminizadas, seleccionadas pola importancia cuantitativa e a porcentaxe de mulleres traballadoras; a análise estatística e agrupación polas variables máis significativas; e a elaboración do documento correspondente que se publicará na web.

Mapa de enfermidades profesionais

O ISSGA desenvolverá ao longo do ano 2012 o mapa das enfermidades profesionais co obxectivo de estudar o seu perfil de declaración e as tendencias temporais e espaciais na poboación asalariada de Galicia nos últimos anos, desde a creación do Instituto.

Os obxectivos de 2012 pasan por coñecer a incidencia de enfermidade profesional declarada na poboación galega ocupada, a súa evolución temporal e a súa distribución territorial, analizándoa cos indicadores demográficos e laborais.

En canto aos estudos epidemiolóxicos de redeiras, as características do sector permiten a realización dun estudo epidemiolóxico que inclúa unha mostra moi significativa, de arredor do 30%, de carácter similar ao xa realizado coas mariscadoras, mediante o que se fixeron recoñecementos médicos a máis de 1.000 profesionais ao longo de 2011.

Doutra banda, o Instituto presta especial atención á formación en prevención de riscos laborais en todos os tramos de idade escolar, aos traballadores e empresarios e aos técnicos de prevención de riscos laborais. Destacan as accións formativas que chegarán a preto de 8.000 persoas.

O Plan de Actividades do ISSGA para 2012 inclúe a continuidade de liñas postas en marcha en anos anteriores e que tiveron grande aceptación, tales como o impulso da colaboración coa autoridade sanitaria na investigación de enfermidades e vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral, o mapa de riscos ergonómicos de Galicia ou o Plan Piloto de Avaliación de Riscos Psicosociais na Administración.

Así mesmo, o ISSGA continuará en 2012 co desenvolvemento do Plan de Eficiencia 2010-2014 co obxectivo de acadar a máxima optimización na xestión do organismo, sen que iso implique unha minoración dos servizos que se prestan ás empresas e á poboación traballadora de Galicia. O plan inclúe iniciativas para reducir o gasto corrente; colaboracións técnicas con outros institutos, mancomunando experiencias e minorando custos, ou unha execución máis eficiente do plan de actividades.